

Recordatorio de deberes legais ao concello de Lugo de que as administracións locais de máis de 50 mil habitantes deben desenvolver as competencias que lles son propias reguladas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 e recomendación de proceder á inmediata inmovilización do vehículo en cuestión

Expediente: V.4.Q/4201/23

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2023

Sra. Alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención unha veciña dese Concello respecto dun vehículo abandonado na rúa.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, manifesta, esencialmente, o seguinte:

Á altura do número 28 da rúa Álamo dese concello hai un vehículo abandonado que leva alí máis dun ano. Que está esnaquizado, coas rodas pinchadas e cristais rotos. Que chamaron en distintas ocasións á policía local pero alí sigue sendo un perigo para os peóns e para a saúde

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu co seguinte contido:

Efectivamente en ese lugar hay un vehículo abandonado con placas de matrícula, habiéndose denunciado por esta Policía Local el pasado 14 de junio de 2022, remitiendo el acta de denuncia a la Sección de Movilidad y Sanciones del Concello de Lugo, órgano administrativo competente para la tramitación de expediente, comprobando que dicho vehículo a fecha de hoy sigue en el mismo lugar, estando a la espera esta Policía Local del Decreto que ordene su retirada.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. Concordan, tanto a persoa interesada no seu texto de queixa como o informe remitido a esta institución pola policía local de Lugo, no feito de que na rúa Alamo dese concello hai un vehículo abandonado, en mal estado, desde fai cando menos un ano.

No propio informe municipal recoñécese a emisión dun informe policial requirindo a incoación do preceptivo expediente para inmovilización e retirada do vehículo, dado o seu estado, o día 14 de xuño de 2022 sen resultado polo momento.

SEGUNDA. O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local regula, entre outras, as seguintes competencias “propias” dos concellos de máis de 50 mil habitantes:

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas (..)

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano (..)

j) Protección da salubridade pública (..)

O artigo 106 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario enumera os casos de abandono dun vehículo na vía pública nos que o concello poderá ordenar o traslado do vehículo a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación. Entre outros casos, expónse que este traslado será posible: “Cando leve estacionado nun mesmo sitio máis de 1 mes e presente danos que non permitan o seu desprazamento polos seus propios medios (necesitando un guindastre)”.

TERCEIRA. A Ordenanza Municipal de Circulación de Lugo, publicada no BOP o día 8 de xuño de 2013, regula nos seus artigos 76, 77 e 78 os supostos de inmovilización e retirada dos vehículos da vía pública por parte do concello. Así mesmo, a Ordenanza fiscal número 110 pertencente ás taxas e prezos públicos do exercicio 2023 do mesmo concello regula a taxa aplicable nos casos de inmovilización, retirada e custodia dun vehículo da vía pública.

Polo tanto, o concello conta con ferramentas xurídicas e fiscais para a retirada dun vehículo abandonado nunha rúa de competencia municipal e ten a obriga de facelo, máxime cando é coñecedor -desde fai máis dun ano- da situación na que se atopa o mesmo e o perigo que pode supoñer para as persoas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte recordatorio de deberes legais:

As administracións locais de máis de 50 mil habitantes deben desenvolver as competencias que lles son propias reguladas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

E a seguinte recomendación:

No presente caso, tendo en conta os antecedentes cos que conta o concello, proceder á inmediata inmovilización e retirada do vehículo abandonado obxecto desta queixa

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo